



## PINTORAS DO MAR

*Natural de Celeiro (Viveiro), onde naceu en 1957, formouse inicialmente como artista de xeito auto-didacta, perfeccionando logo a súa técnica da man da pintora Adoración Granda e, no campo da cerámica, coa colaboración de Otero Regal e V. Guerreiro.*


*Socia fundadora do "Seminario de Estudos Terra de Viveiro" e Coordinadora do seu Departamento de Arte, tomou parte nas distintas exposicións organizadas por esta entidade tanto na vila do Landrove como noutras próximas (Vilalba, Burela...).*

*Participou en diversos volumes editados polo citado Seminario "Terra de Viveiro", como o Cartafol das fontes de Viveiro (1994) ou as Carpetas de Arte (1996). Ilustracións da súa autoría teñen aparecido, así mesmo, en xornais e revistas comarcais (Beiramar, Heraldo de Viveiro, Viveiro en Vivo...) e na peza teatral Comunicando, de Hernán Naval (Cadernos da "Escola Dramática Galega", 1990).*


*Coa pintora Verónica López Prieto, elaborou as acuarelas que ilustran o volume divulgativo Coñece Celeiro, porto punteiro (2000) e actualmente, ademais de facer retratos e outros traballos pictóricos para a tenda "Marcor", prepara unha importante exposición individual*



"Muller e neno" ('Chove e solo o quedo se move'. Uxío Novoneira), óleo sobre táboa, 1'10m.x 70 cm.



"Rambla", pastel, 36x29 cm.



"A ponte", pastel, 15 x 31 cm.



"Agardando", óleo sobre táboa, 1'50x 1'27 m.

Acuarela pertencente a:  
*Coñece Celeiro, porto  
punteiro* (2000), editado  
polo Seminario de Estudos  
Terra de Viveiro e Puerto  
de Celeiro S.A.



*Roi é un rapaz de Celeiro, fillo de mariñeiro,  
que con só doce anos coñece ben o seu porto.  
Iria é unha mociña de Lugo, un ano máis nova,  
que pasa as súas vacacións de verán perto da praia de Covas.*

*Coñecéronse en Celeiro o día que se celebra a festa do Carme, cando daban un paseo no barco do pai de Roi pola ría entre soar de bucinas e a ledicia da xente honrando á Virxe do mar.*